

Guía de actividade de formación 2010

F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria



Título:

Guía de formación 2010

Edita:

F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)

Deseño e maquetación:

Conchita Viñas DESEÑO

Depósito legal:

C 229-2010



Índice

Presentación	5
Actividade formativa. Información xeral	7 - 11
Formación presencial	13 - 205
Asistencia sanitaria	15 - 90
Prevención e promoción da saúde	93 - 120
Comunicación e atención ao usuario	122 - 133
Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias	134 - 153
Xestión do coñecemento na organización	155 - 177
Tecnoloxías	178 - 205
Teleformación	206 - 241
Asistencia sanitaria	210 - 215
Prevención e promoción da saúde	216 - 219
Comunicación e atención ao usuario	220 - 222
Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias	223 - 230
Xestión do coñecemento na organización	231 - 235
Tecnoloxías	236 - 241



Presentación

É para min un pracer presentar o programa da actividade docente da Escola Galega de Administración Sanitaria para o ano 2010, salientando o papel clave que desenvolve a formación continuada como instrumento motivador e principal activo do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A Escola aprobou no seu padroado do 22 de decembro de 2009 o seu Plan Estratéxico, que quere conformarse máis alá dun plan estratéxico tradicional, para converterse nun plan de acción máis acorde co dinamismo requirido pola sociedade galega e cuxo eixo de actuación sexa a xestión eficiente, esixible a calquera administración pública, e moito máis, nos tempos que estamos a vivir.

Neste senso, a Escola, baixo o lema **“Formación real para unha sanidade real”**, está a traballar na construción dun espazo de intercambio de información acorde cos tempos, dinámico e de calidade, que sexa un valor de referencia para os profesionais ao servizo da sanidade pública galega, ofrecendo para iso produtos de maior calidade e adaptados ás novas demandas da sociedade.

É por iso que ao longo deste ano traballaremos coas vistas postas en favorecer o enriquecemento do capital humano ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia mediante a súa capacitación a través da formación, innovación e excelencia, no ámbito das ciencias da saúde e da administración e xestión sanitaria, desenvolvendo un proceso continuo de actualización de coñecementos en resposta ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2010.

Pablo Galego Feal

Director da F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria



Plan de formación 2010. F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria

INFORMACIÓN XERAL

A formación constitúe a nosa actividade principal como Escola. O Plan de formación 2010 desenvólvese dentro dos ámbitos da formación continuada, da formación de capacitación e da teleformación, e xorde dun sistema aberto e multidisciplinario no que se conta coa participación activa tanto dos profesionais como dos responsables de formación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

O Plan de formación 2010 estrutúrase en distintas **áreas temáticas** que permiten a oferta formativa nos seguintes bloques de coñecemento:

Área de Asistencia Sanitaria: abarca a formación orientada aos coñecementos, habilidades e actitudes relacionados cos procesos operativos de diagnóstico, tratamento, rehabilitación e de apoio para a recuperación da saúde. Inclúe formación dirixida tanto a profesionais sanitarios como non sanitarios, pero directamente vinculada á atención sanitaria dos usuarios. Esta área representa o gran núcleo definitorio dunha organización sanitaria.

Área de Prevención e Promoción da Saúde: inclúe a formación relacionada cos coñecementos, habilidades e actitudes dirixidas á protección da saúde. Integra actividades formativas orientadas tanto a profesionais da administración sanitaria como a persoal das institucións e centros sanitarios.

Área de Comunicación e Atención ao

Usuario: abrangue toda a formación relacionada cos sistemas, mecanismos e habilidades necesarios na comunicación interna e externa da organización sanitaria. Polo tanto, nela terán cabida todas as accións orientadas á comunicación con usuarios externos e internos, tanto no contexto do eixo asistencial como no da administración e servizos xerais.

Área de Administración, Xestión e Dirección das Organizacións: integra todas as actividades formativas orientadas á xestión da organización no seu senso máis amplo. Inclúe a formación relacionada co desenvolvemento de habilidades directivas (comunicación, traballo en equipo, negociación, etc.), así como de coñecementos propios do ámbito da xestión de tipo transversal (xestión clínica, xestión da calidade, xestión por

procesos, xestión económico-financeira, procedemento administrativo, lexislación, normativa, etc.).

Área de Xestión do Coñecemento da

Organización: abarca a formación dirixida aos procesos de xeración e transferencia do coñecemento no ámbito da saúde. Inclúe actividades formativas de metodoloxía e xestión da docencia e da investigación sanitaria, metodoloxía de busca bibliográfica, de lectura crítica, da MBE (medicina baseada na evidencia ou asistencia sanitaria baseada en probas), elaboración de GPC, etc.

Área de Tecnoloxías: engloba todas as actividades formativas relacionadas co manexo tanto das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) como das tecnoloxías sanitarias.

Por outra banda, a efectos de financiamento e operatividade de xestión administrativa, as actividades de formación execútanse a través de dous **plans docentes** diferenciados: Plan de formación continuada do persoal de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Plan AFCAP) e Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF), establecidos segundo os criterios definitorios que a continuación se describen:

Plan AFCAP: inclúense neste plan as actividades docentes que anualmente forman parte do Plan de Formación Continuada do Persoal da Xunta de Galicia, no marco dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio da Presidencia e as comunidades autónomas.

PEF: enmarcado no Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, no que a Escola ten como función deseñar conxuntamente e executar o plan de formación e reciclaxe profesional en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria de todos os traballadores, tanto da Consellería de Sanidade como do Servizo Galego de Saúde e demais entidades públicas dependentes das anteriores.

Formación acreditada



A garantía do recoñecemento da calidade da formación impartida pola Escola é un dos nosos principios reitores, xa que consideramos a formación continuada como un elemento esencial para o desenvolvemento do profesional. A administración, ademais de elaborar un plan de actividades acorde coas necesidades do persoal profesional e a sociedade, deberá incidir na súa calidade. O sistema de acreditación é o instrumento que garante a validez da formación para todo o Sistema Nacional de Saúde.

As actividades de formación continua, para o persoal incluído na Lei de ordenación de profesións sanitarias, están acreditadas na nosa Comunidade Autónoma polo sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por contra, os cursos dirixidos ao persoal non incluído na dita Lei, non poderán ser acreditados polo sistema Acreditador. Non obstante, desde a Escola queremos ser garantes tamén desa formación e así, para este persoal esténdese un certificado de asistencia ou aproveitamento onde se indica o número de horas, o contido, a data e o lugar. Así mesmo, as actividades da Escola están consideradas de Interese sanitario referendadas pola Orde do 6 maio de 1998, pola que se adquire garantía de calidade da formación.

Sen prexuízo do uso doutros medios de información, a Escola ten permanentemente operativa a páxina **web**, na que se inclúe toda a información actualizada das súas actividades de formación (www.fegas.es).

Modificacións: debe terse en conta que a actividade incluída neste plan pode sufrir algunha modificación ou pode verse incrementada con outras actividades. Nestes supostos, a Escola proporcionará información e difusión específica sobre elas, reservando para sí, igualmente, o dereito a suspender a execución dalgunha das actividades programadas.

1. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar nas accións formativas do Plan AFCAP todos os profesionais que presten ou prestasen servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde así como as/os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, ao abeiro do Pacto de selección temporal, vixente en cada momento. Así mesmo poderá participar nas citadas accións formativas o persoal pertencente ás fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas adscritas á Consellería de Sanidade integrado no réxime estatutario.

No resto de actividades poderán participar os mesmos destinatarios ademais de outro persoal cando así veña especificado no anexo de cada acción formativa.

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos esixidos para cada curso.

Non poderán participar nas actividades formativas as persoas solicitantes incluídas na listaxe de persoal seleccionado que, ao inicio do curso, se atopen en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Dita incidencia comunicárase, por escrito, pola persoa afectada á Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, aos efectos de cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría a súa falta de comunicación, prevista na cláusula 6.

O persoal que se atope desfrutando dun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou excedencia para coidado de fillos e familiares poderá participar nas actividades formativas, consonte establecen os puntos 24 e 31 da Lei 13/2007, de modificación da Lei de función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e a disposición adicional 19ª, punto 13 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



2. SOLICITUDES

As persoas que desexen participar nos cursos que se convoquen deberán cubrir o formulario de preinscrición telemática na páxina web da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (www.fegas.es).

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso nos 12 meses seguintes. A FEGAS resérvase o dereito a solicitar a información necesaria para verificar tales datos.

Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo das persoas solicitantes.

Ante eventuais incidencias, as/os aspirantes deberán imprimir unha copia do formulario de preinscrición enviado telematicamente ou conservar o que recibisen no seu correo electrónico, para o que deberán prestar especial atención na cobertura de datos comprobando que o enderezo electrónico estea correctamente consignado.

Os profesionais incluídos no artigo 45 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes e na disposición adicional 19ª da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, deberán remitir, no prazo establecido para o envío da solicitude de preinscrición, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada, acreditativa da súa situación ao seguinte enderezo:

F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)

Avenida Fernando de Casas Novoa, Edificio CNL, nº 37, portal A, 1ª planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

A cumprimentación dos datos da solicitude e envío telemático da mesma non implicará a admisión inmediata á actividade formativa

seleccionada, que se producirá nos termos indicados na cláusula 5.

Só se poderá solicitar a participación nun máximo de seis cursos por ano.

3. PRAZOS DE INSCRIPCIÓN

Para as edicións das accións formativas do primeiro semestre, o prazo comezará o **5 de febreiro de 2010 e rematará o día 20 de febreiro de 2010.**

Para as edicións das accións formativas do segundo semestre, o prazo comezará o **5 de xuño de 2010 e rematará o día 20 de xuño de 2010.**

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNOS

A. Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do **Plan de Formación Continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde (Plan AFCAP)** serán os seguintes:

1º Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta acción formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.

2º Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso.

3º Menor número de cursos realizados no ano anterior.

4º Terán prioridade os profesionais con vínculo fixo sobre os temporais.

5º Terán prioridade os empregados públicos que acrediten maior tempo de servizos prestados. Este dato facilitaráselle directamente á Fegas das bases de datos de persoal e a persoa solicitante deberá achegar, unicamente, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, certificación orixinal ou copia legalizada dos servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia, que deberá ser remitida ao enderezo da Fegas.

6º En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección as/os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un



permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participar nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 37 bis da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, engadido pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservárase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houberen suficientes solicitudes de participación de mulleres.

7º Por último, no caso de empate resolverase por sorteo.

B. Os criterios de selección para participar nas actividades da Escola incluídas no **Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF)**, serán os seguintes:

1º Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta acción formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.

2º Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso.

3º Menor número de cursos realizados no ano anterior.

4º En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección as/os aspirantes que

nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participar nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 37 bis da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, engadido pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola administración pública galega reservárase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houberen suficientes solicitudes de participación de mulleres.

5º Por último, de continuar existindo un número maior de solicitudes que de prazas, resolverase por orde de inscrición.

5. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web da Fegas a listaxe provisoria de admitidos e excluídos na concreta acción formativa, así como as causas da súa exclusión, cunha antelación mínima de 15 días naturais ao inicio do curso.

As/os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou



defectos que motivasen a exclusión e formular as reclamacións que estimen pertinentes.

Rematado dito prazo e resoltas pola Fegas, previo informe da Comisión Paritaria respectiva, de ser o caso (para os cursos do plan AFCAP), as reclamacións presentadas, publicaranse na páxina web da Escola as listaxes definitivas de admitidos e excluídos.

Serán excluídos da participación nunha concreta actividade formativa todas aquelas persoas que tivesen participado en edicións anteriores da mesma actividade, convocadas nos últimos cinco anos.

6. ANULACIÓN DE RESERVA

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia a través da páxina web da Fegas cunha antelación mínima de catro días naturais á data fixada para o inicio da citada actividade.

De non facelo así, e agás motivo xustificado, baseado en causa de forza maior ou acontecemento imprevisible, non será admitido en ningunha outra actividade formativa no transcurso dos 12 meses seguintes.

7. COTAS DE INSCRIPCIÓN

No caso de actividades para as cales se esixa o aboamento dunha cantidade en concepto de cota de inscrición, informarse debidamente sobre a forma e prazo para realizar o pagamento da correspondente matrícula.

8. CERTIFICACIÓN DE ASISTENCIA

Durante o desenvolvemento da acción formativa, as persoas participantes deberán asinar nos oportunos controis de entrada e saída que se establezan.

Logo da finalización da acción formativa expedirase pola Fegas o certificado de asistencia.

Non se facilitará dita certificación a aqueles participantes dos que se constate unha falta de asistencia á actividade formativa nunha porcentaxe superior ao 10% das horas lectivas.

Ademais, no suposto de que os cursos esixan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente aos alumnos que a superen.

Só se atenderán reclamacións para a emisión do certificado ata doce meses despois de finalizado o curso.

9. DOCUMENTACIÓN ENTREGADA NAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

A documentación xerada nas distintas actividades de formación da Fegas estará dispoñible para os alumnos na Biblioteca Virtual da Escola. Isto permitirá poder recuperala en calquera momento e desde calquera lugar. Non se entregará documentación en papel, salvo en contadas excepcións.



formación presencial





asistencia sanitaria





Atención inicial ao paciente politraumatizado

Nº de edicións: 4

Nº de prazas: 25

Nº de horas: 12

Destinatarios: médicos e enfermeiras/os de atención primaria e urgencias hospitalarias.

Obxectivos:

Difundir as normas e técnicas de actuación da poboación xeral na atención ao paciente que sufriu un traumatismo grave para mellorar a súa supervivencia e diminuír as lesións secundarias.

Contidos:

Parte teórica: magnitude do problema. Prevención das lesións. Causas de morte. Organización da asistencia ao traumatismo. SVB traumatolóxico. Asistencia inicial ao traumatizado. Situacións especiais. Transporte.

Parte práctica: sistemática de atención inicial ao paciente politraumatizado. Apertura, illamento e estabilización da vía aérea. Manexo das hemorraxias e o shock. Vías venosas e vía intraósea. Técnicas de mobilización. Técnicas de inmovilización. Situacións especiais: queimaduras, lesión medular, inmersión... Preparación para o transporte.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

- | | |
|--------|--|
| 101000 | <ul style="list-style-type: none"> • XAP Vigo 📅 23, 24 e 25 de marzo de 2010 🕒 9:00-13:00 |
| 101001 | <ul style="list-style-type: none"> • Área Sanitaria de Ferrol 📅 6, 7 e 8 de abril de 2010 🕒 16:30-20:30 |
| 101002 | <ul style="list-style-type: none"> • FEGAS 📅 18, 19 e 20 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |
| 101003 | <ul style="list-style-type: none"> • XAP Coruña 📅 31 de maio, 1 e 2 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario



Coidados paliativos e acompañamento en procesos terminais	
Nº de edicións: 1 Nº de prazas: 25 Nº de horas: 32 Destinatarios: médicos, enfermeiras/os, psicólogas/os e traballadoras/es sociais de atención primaria e especializada dedicadas/os ao coidado de pacientes terminais Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño. Requisitos: Plan AFCAP. Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).	Obxectivos: Fomentar o uso da comunicación como arma terapéutica e dotar de coñecementos e habilidades que permitan prestarlle unha atención integral ao paciente terminal. Contidos: Módulo I: principios dos coidados paliativos, xeneralidades. Aspectos psicosociais da morte. Módulo II: tratamento de síntomas. Dor e outros síntomas neuropsicolóxicos, dixestivos e respiratorios. Tratamentos. Dor. Dor difícil. Tipos de analxesia. Tratamento con opioides. Coidados da pel. Mucosas. Eliminación. Alimentación. Módulo III: a comunicación. Información e outros dereitos do paciente; ¿como informar? Malas noticias. Manexo da negación. Dereito á información, á verdade e a unha morte digna. O proceso de dó.
Código 101004 C. H. de Ourense 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14 e 15 de abril de 2010 16:30-20:30	
Lugar de celebración Datos Horario	



Humanización no ámbito sanitario

Nº de edicións: 4

Nº de prazos: 25

Nº de horas: 20

Destinatarios: persoal sanitario de atención especializada.

Obxectivos:

Humanizar a atención sanitaria e os coidados dos pacientes hospitalizados como estratexia de mellora da calidade asistencial.

Contidos:

Módulo I: dereitos dos pacientes. Dereitos humanos e saúde. A efectividade dos dereitos: a igualdade material no ámbito sanitario. O principio de igualdade e non discriminación.

Módulo II: breve introdución a bioética. Algúns problemas éticos frecuentes na atención ao doente. Toma de decisións nos conflitos éticos.

Módulo III: a persoa fronte á enfermidade, o sufrimento e a morte.

Módulo IV: a comunicación. As fases da comunicación. A escoita activa. A comunicación non verbal. A relación de axuda.

Módulo V: habilidades de acompañamento na enfermidade, a morte e o dó.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

101005	- Hospital da Costa 22, 23, 24, 25 e 26 de marzo de 2010 16:30 – 20:30
101006	C. H. U. de Vigo 12, 13, 14, 15 e 16 de abril de 2010 16:30-20:30
101007	C. H. de Ourense 24, 25, 26, 27, 28 de maio de 2010 16:30 – 20:30
101008	- Hospital da Barbanza 21, 22, 23, 24 e 25 de xuño de 2010 16:30 – 20:30

Lugar de celebración
 Datos
 Horario



Obradoiro de diabeite para enfermaría

Nº de edicións: 4

Nº de prazas: 20

Nº de horas: 8

Destinatarios: enfermeiras/os de atención primaria e especializada.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

101009	• Hospital do Barbanza 📅 27 e 28 de setembro de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101010	• C. H. U. da Coruña 📅 13 e 14 de outubro de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101011	• C. H. U. de Vigo 📅 3 e 4 de novembro de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101012	• XAP Coruña 📅 22 e 23 de novembro de 2010 🕒 16:30 – 20:30

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario

Obxectivos:

Adquirir os coñecementos, habilidades e actitudes necesarios que promovan un alto nivel de competencia para intervir no coidado e tratamento do paciente con diabetes nas diferentes etapas da enfermidade, diagnóstico, tratamento e educación.

Contidos:

Diagnóstico, clasificación e tratamento da diabetes mellitus.

Insulinización.

Planificación do programa educativo.

Manexo do cuestionario de hábitos e enquisa dietética.

Práctica do cálculo calórico e conversión en racións segundo tratamento farmacolóxico e exercicio.

Modificación do plan da alimentación por enfermidade intercorrente.

Exploración do pé diabético.

Asistencia sanitaria

Prevenición e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías

Vendaxe funcional

Nº de edicións: 4
Nº de prazas: 20
Nº de horas: 12

Destinatarios: médicos, enfermeiras/os e fisioterapeutas de atención primaria e especializada.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP
consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Identificar as situacións clínicas e/ou deportivas (distensións ligamentosas, lesións tendinosas, musculares...) susceptibles de ser tratadas de forma preventiva ou terapéutica a través de vendaxes funcionais. Instruír os profesionais sanitarios na realización das vendaxes funcionais a aplicar nas patoloxías máis prevalentes no ámbito sanitario e nos tipos e materiais actuais para a súa correcta utilización aplicables a lesións concretas. Achegar os profesionais sanitarios a unha técnica que supón unha mellora na calidade asistencial aos doentes.

Contidos:

Módulo I. Situacións clínicas e/ou deportivas susceptibles de vendaxe funcional e vendaxes.
Módulo II. Tratamento de feridas con suturas.
Módulo III. Apósitos e retirada de suturas.
Tratamento das feridas infectadas.
PRÁCTICAS: simulación das diferentes técnicas en materiais inertes en situacións de simulación clínica.

Código

101013	• FEGAS 12, 13 e 14 de abril de 2010 16:30 – 20:30
101014	• C. H. U. de Vigo 10, 11 e 12 de maio de 2010 16:30 – 20:30
101015	• C. H. de Ourense 7, 8 e 9 de xuño de 2010 16:30 – 20:30
101016	• XAP Coruña 28, 29 e 30 de xuño de 2010 16:30 – 20:30



Actuación do celador no quirófano

Nº de edicións: 4

Nº de prazas: 25

Nº de horas: 20

Destinatarios: por orde preferente:
1º) celadoras/es de atención especializada que desenvolvan a súa actividade en áreas cirúrxicas.
2º) resto de celadoras/es.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP
consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Contribuír ao correcto funcionamento das áreas cirúrxicas hospitalarias.

Contidos:

Tarefas do celador no quirófano e nas áreas cirúrxicas.

Consideracións sobre as características do ambiente cirúrxico estéril.

Implicacións das novas tecnoloxías e infraestruturas cirúrxicas no desempeño de tarefas do celador.

Asistencia sanitaria

Prevención e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías

Código

- | | |
|--------|---|
| 101017 | <ul style="list-style-type: none"> • Área Sanitaria de Ferrol 📅 19, 20, 21, 22 e 23 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |
| 101018 | <ul style="list-style-type: none"> • Hospital da Costa 📅 26, 27, 28, 29 e 30 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |
| 101019 | <ul style="list-style-type: none"> • C. H. U. da Coruña 📅 24, 25, 26, 27 e 28 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |
| 101020 | <ul style="list-style-type: none"> • Hospital Comarcal de Monforte 📅 21, 22, 23, 24 e 25 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30 |

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario



O celador nos servizos de traumatoloxía e rehabilitación

Nº de edicións: 1
Nº de prazas: 25
Nº de horas: 20

Destinatarios: celadoras/es.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.
Requisitos: Plan AFCAP.
Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:
Actualizar os coñecementos básicos do celador sobre os distintos materiais, instrumentos e ferramentas dos servizos de traumatoloxía e rehabilitación. Traslado e mobilidade dos pacientes. Peculiaridades dos doentes politraumatizados.
Contidos:
Coñecementos básicos aplicables no posto de traballo.
Actuacións específicas do celador ante pacientes politraumatizados.
Materiais específicos destas unidades: traumatoloxía e rehabilitación.

Código

101021 • C. H. U. da Coruña
 📅 8, 9, 10, 11 e 12 de novembro de 2010
 🕒 16:30 – 20:30

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario



Indución miofascial	
Nº de edicións: 2 Nº de prazas: 25 Nº de horas: 20 Destinatarios: fisioterapeutas de atención primaria e especializada.	Obxectivos: Integrar os métodos de exploración, avaliación e tratamento por métodos manuais de sistema miofascial no desenvolvemento da práctica fisioterápica. Dotar ao fisioterapeuta dos coñecementos e habilidades técnicas necesarias para identificar retraccións miofasciais. Contidos: Recordatorio da histoloxía, anatomía, neuroloxía e biomecánica da fascia. Razoamento clínico ortopédico e sistema miofascial: mecanismos patobiolóxicos do tecido. Mecanismos da dor: nocicepción do tecido miofascial. Avaliación subxetiva. Avaliación obxectiva.
Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño. Requisitos: Plan AFCAP. Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).	
Código 101022 XAP de Lugo 22, 23, 24, 25 e 26 de marzo de 2010 16:30 – 20:30 101023 XAP Coruña 19, 20, 21, 22 e 23 e abril de 2010 16:30 – 20:30	
Lugar de celebración Datos Horario	

Obradoiro de nutrición e cociña dietética

Nº de edicións: 6
Nº de prazos: 25
Nº de horas: 12

Destinatarios: persoal de cociña.

Obxectivos:

Introducir as bases da cociña da saúde. Dotar dos coñecementos básicos da alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes.

Contidos:

Dieta equilibrada e a súa elaboración.
Tecnoloxía e conservación dos alimentos.
Prevención de enfermidades relacionadas coa alimentación e a nutrición.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP
consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

- | | |
|--------|--|
| 101024 | • C. H. de Pontevedra
22, 23 e 24 de marzo de 2010
16:30 – 20:30 |
| 101025 | • C. H. U. da Coruña
6, 7 e 8 e abril de 2010
16:30 – 20:30 |
| 101026 | • C. H. U. de Vigo
26, 27 e 28 de abril de 2010
16:30 – 20:30 |
| 101027 | • C. H. de Ourense
10, 11 e 12 de maio de 2010
16:30 – 20:30 |
| 101028 | • H. Comarcal de Valdeorras
24, 25 e 26 de maio de 2010
16:30 – 20:30 |
| 101029 | • C.H.U. de Santiago de Compostela
21, 22 e 23 de xuño de 2010
16:30 – 20:30 |

• **Lugar de celebración** • **Datas** • **Horario**



Cirurxía menor avanzada

Nº de edicións: 1

Nº de prazas: 20

Nº de horas: 8

Destinatarios: médicos de atención primaria que realizaron previamente formación básica en cirurxía menor.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

101030 • XAP Coruña
 • 2 e 3 de novembro de 2010
 • 16:30-20:30

Obxectivos:

Preparar e mellorar as habilidades en situacións de feridas complexas.

Contidos:

Revisión de procedementos cirúrxicos ambulatorios e practicalos (cirurxía menor avanzada) con especial orientación ás feridas que acontecen no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

Requisitos:

Deberase aportar certificado de ter feito formación básica en cirurxía menor.

Asistencia sanitaria

Prevención e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías

• Lugar de celebración • Datos • Horario



Cirurxía menor en atención primaria

Nº de edicións: 1
Nº de prazas: 20
Nº de horas: 20

Destinatarios: médicos e enfermeiras/os de atención primaria.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Actualizar os coñecementos teóricos dos médicos/as e dos/as enfermeiras/os de atención primaria para a implantación do programa de cirurxía menor nos centros de saúde. Dotar das habilidades prácticas necesarias para o seu desenvolvemento nos centros de saúde.

Contidos:

Introdución á cirurxía menor en atención primaria.
Aspectos médico-legais.
Anestesia e campo operatorio.
Dermatoloxía aplicada á cirurxía menor en atención primaria.
Instrumental cirúrxico en cirurxía menor.
Técnicas cirúrxicas básicas en cirurxía menor.
Práctica en material inerte e en material biolóxico.

Código

101031 • XAP Coruña
 📅 14, 15, 16, 17 e 18 de xuño de 2010
 🕒 16:30-20:30



Actuación do celador co enfermo psiquiátrico

Nº de edicións: 5

Nº de prazas: 25

Nº de horas: 8

Destinatarios: por orde preferente:
1º) celadoras/es en contacto con pacientes psiquiátricos, das unidades de hospitalización de psiquiatría, urxencias e xeriatría.
2º) resto de celadoras/es.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Manexar correctamente pacientes con trastornos mentais, axitación e deterioración cognitiva.

Contidos:

O enfermo psiquiátrico: actuación ante o enfermo psiquiátrico.

A deterioración cognitiva e o paciente psicosexiatrico.

O paciente axitado.

O paciente agresivo.

Funcións do celador na unidade de psiquiatría.

Urxencia psiquiátrica e plan de actuación.

Tipos de redución do paciente psiquiátrico:

- a) Redución verbal.
 - b) Redución física.
 - c) Redución farmacolóxica e tarefa do celador.
- O traslado psiquiátrico.

Asistencia sanitaria

Prevención e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías

Código

101032	• C. H. U. de Vigo 📅 22 e 23 de marzo de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101033	• C. H. de Pontevedra 📅 12 e 13 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101034	• C. H. de Ourense 📅 26 e 27 de abril de 2010 🕒 16:30-20:30
101035	• C.H.U. de Santiago de Compostela 📅 10 e 11 de maio 2010 🕒 16:30-20:30
101036	• Área Sanitaria de Ferrol 📅 28 e 29 de xuño de 2010 🕒 16:30-20:30

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario



Actuación do profesional sanitario ante un caso de malos tratos

Nº de edicións: 4
Nº de prazos: 25
Nº de horas: 12

Destinatarios: persoal sanitario de atención primaria e especializada.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Asegurar que calquera profesional sanitario do ámbito público galego siga unhas pautas de actuación ante a sospeita ou caso confirmado de malos tratos que garanta unha correcta asistencia e facilite as actuacións xudiciais e sociais á vítima ao mesmo tempo que se protexe a intimidade e os dereitos da persoa agredida.

Contidos:

Legalidade vixente: responsabilidade dos profesionais sanitarios e implicacións legais ante un caso de malos tratos; legalidade que ampara a vítima de malos tratos.

Aspectos médico-legais nos malos tratos.

Recoñecemento médico e recollida de probas. Informe médico, parte de lesións.

Trastornos psíquicos nos malos tratos (infancia).

Trastornos psíquicos nos malos tratos (adultos).

Malos tratos en atención primaria e en servizos de urxencias.

Os servizos sociais ante os malos tratos.

Recursos comunitarios.

Código

101037	• C. H. U. da Coruña 📅 12, 13 e 14 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101038	• C. H. U. de Vigo 📅 3, 4 e 5 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101039	• XAP de Lugo 📅 1, 2 e 3 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101040	• XAP Ourense 📅 21, 22 e 23 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30

📍Lugar de celebración 📅Datos 🕒Horario



Reanimación cardiopulmonar avanzada neonatal e pediátrica

Nº de edicións: 3

Nº de prazas: 24

Nº de horas: 22

Destinatarios: médicos, pediatras e enfermeiras/os con preferencia dos servizos de urxencias e pediatría de atención primaria e especializada. Resérvase un 50% das prazas para cada colectivo profesional.

Requisitos específicos: para a obtención de diplomas: exame teórico tipo test (require superar o 75% das preguntas). Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada polo alumno como director do equipo.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Difundir as técnicas de reanimación cardiopulmonar en neonatos e pediatría.

Contidos:

Etioloxía da PCR pediátrica.

Manobras de RCP básica en pediatría: apertura da vía aérea.

Illamento da vía aérea.

Manexo das vías venosas.

Manexo das drogas utilizadas no tratamento da PCR en pediatría.

Técnicas de desfibrilación.

Asistencia sanitaria

Prevención e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías

Código

101041	• Hospital do Salnés 📅 5, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2010 🕒 16:30-21:00
101042	• C. H. U. da Coruña 📅 26, 27, 28, 29 e 30 de abril de 2010 🕒 16:30-21:00
101043	• C. H. U. de Vigo 📅 7, 8, 9, 10 e 11 de xuño de 2010 🕒 16:30-21:00

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario



Soporte vital básico

Nº de edicións: 9
Nº de prazas: 24
Nº de horas: 4

Destinatarios: persoal sanitario e de xestión e servizos de atención primaria e especializada.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.
Requisitos: Plan AFCAP.
Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:
Difundir as técnicas de reanimación cardiopulmonar (RCP). Mellorar o prognóstico do tratamento da parada cardiorrespiratoria (PCR). Difundir as normas e técnicas de actuación na atención ao paciente dentro das principais situacións.

Contidos:
Introdución á RCP.
Recoñecemento da inconsciencia.
Desobstrución da vía aérea.
Substitución da respiración.
Substitución da circulación.
Soporte vital pediátrico.

Código

101044	• XAP Pontevedra 📅 22 de marzo de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101045	• C. H. de Pontevedra 📅 8 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101046	• XAP Vigo 📅 22 de abril de 2010 🕒 9:00-13:00
101047	• Área Sanitaria de Ferrol 📅 29 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101048	• C. H. U. da Coruña 📅 10 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101049	• C. H. U. de Vigo 📅 20 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101050	• XAP Coruña 📅 25 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101051	• H. Comarcal de Valdeorras 📅 7 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101052	• C.H.U. de Santiago de Compostela 📅 14 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30

• Lugar de celebración 📅 Datas 🕒 Horario



Soporte vital cardiovascular avanzado

Nº de edicións: 9

Nº de prazas: 24

Nº de horas: 20

Destinatarios: médicos e enfermeiras/os de atención primaria e especializada. Resérvase un 50% das prazas para cada colectivo profesional.

Requisitos específicos: para a obtención de diplomas: exame teórico tipo test (require superar o 75% das preguntas). Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada polo alumno como director do equipo.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

101053	• XAP Pontevedra 📅 19, 20, 21, 22 e 23 de abril de 2010 🕒 9:00-13:00
101054	• XAP Vigo 📅 10, 11, 12, 13 e 14 de maio de 2010 🕒 9:00-13:00
101055	• Área Sanitaria de Ferrol 📅 24, 25, 26, 27 e 28 de maio de 2010 🕒 9:00-13:00
101056	• C. H. U. da Coruña 📅 7, 8, 9, 10 e 11 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101057	• Hospital da Costa 📅 21, 22, 23, 24 e 25 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30

• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario

Obxectivos:

Coñecer o substrato teórico e as habilidades técnicas que configuran o soporte vital avanzado co fin de prever e tratar o paro cardiorrespiratorio.

Contidos:

Recoñecer a perda de consciencia.

Realizar a apertura da vía aérea.

Diagnosticar unha parada cardiorrespiratoria.

Realizar adecuadamente as manobras de RCP básica.

Realizar o illamento da vía aérea.

Manexar adecuadamente as vías venosas.

Coñecer o manexo das drogas que se utilizan no tratamento da PCR.

Monitorizar o paciente para recoñecer e tratar as arritmias máis frecuentes.

Realizar as técnicas de desfibrilación, cardioversión e electroestimulación cardíaca transcutánea.

Integrarse no equipo de tratamento da PCR como director ou como parte del.

Asistencia sanitaria

Prevención e promoción da saúde

Comunicación e atención ao usuario

Administración, xestión e dirección das organizacións sanitarias

Xestión do coñecemento na organización

Tecnoloxías



Código

- 101058

XAP Vigo

20, 21, 22, 23 e 24 de setembro de 2010

16:30 – 20:30
- 101059

XAP Coruña

27, 28, 29, 30 de setembro e 1 de outubro de 2010

16:30 – 20:30
- 101060

C. H. U. de Vigo

4, 5, 6, 7 e 8 de outubro de 2010

16:30 – 20:30
- 101061

Área Sanitaria de Ferrol

18, 19, 20, 21 e 22 de outubro de 2010

16:30 – 20:30



Electrocardiografía para enfermaría		
Nº de edicións: 4 Nº de prazos: 25 Nº de horas: 12		Obxectivos: Facilitar ao persoal de enfermaría a correcta interpretación dos electrocardiogramas que realizan. Realizar unha rápida e fundamentada interpretación dun electrocardiograma, o que redundará na calidade e fiabilidade dos coidados. Contidos: PARTE TEÓRICA. Introducción ao electrocardiograma. Trastornos da condución. Cardiopatía isquémica. Arritmias supraventriculares. Arritmias ventriculares. Crecemento de cavidades e entidades específicas. Alteracións por fármacos e diselectrolitemias. O EKG en pediatría. PARTE PRÁCTICA. Interpretación de electrocardiogramas. Simulador de arritmias.
Destinatarios: enfermeiras/os de atención primaria e especializada.		
Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño. Requisitos: Plan AFCAP. Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).		
Código		
101062	• H. Comarcal de Valdeorras 📅 22, 23 e 24 de marzo de 2010 🕒 16:30 – 20:30	
101063	• XAP Pontevedra 📅 6, 7 e 8 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30	
101064	• C. H. U. da Coruña 📅 19, 20 e 21 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30	
101066	• Hospital da Barbanza 📅 3, 4 e 5 de maio de 2010 🕒 16:30 – 20:30	
• Lugar de celebración 📅 Datos 🕒 Horario		

Coidados de enfermaría no paciente sometido a ventilación mecánica

Nº de edicións: 3
Nº de prazas: 25
Nº de horas: 16

Destinatarios: por orde preferente:
1º) enfermeiras/os das áreas de críticos e pneumoloxía de atención especializada.
2º) resto de enfermeiras/os de atención primaria e especializada.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP
consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Código

101067	• C.H.U. de Santiago de Compostela 📅 5, 6, 7 e 8 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101068	• C. H. U. de Vigo 📅 19, 20, 21 e 22 de abril de 2010 🕒 16:30 – 20:30
101069	• C. H. U. da Coruña 📅 21, 22, 23 e 24 de xuño de 2010 🕒 16:30 – 20:30

Obxectivos:

Achegar os coñecementos e habilidades necesarias para o correcto coidado do paciente sometido a ventilación mecánica e así minimizar riscos e previr lesións. É imprescindible para os profesionais da enfermaría actualizar o coñecemento básico dos diferentes ventiladores utilizados nas diferentes unidades de críticos e en hospitalización a domicilio; o seu funcionamento, modalidades ventilatorias, parámetros, controis, así como tamén os coidados de enfermaría dos pacientes con ventilación mecánica, tanto invasiva como non invasiva.

Contidos:

Oxigenoterapia: recordo anátomo-fisiolóxico do sistema respiratorio e da respiración. Fallo ventilatorio. Indicacións da ventilación. Gasometría arterial: técnica e interpretación mecánica. Monitorización da ventilación mecánica. Ventilación controlada por volume. Ventilación controlada por presión. Modos ventilatorios asistidos.

Talleres prácticos.

Taller 1: respiradores. Estrutura xeral. Axustes básicos.

Taller 2: modos ventilatorios asistidos.

Taller 3: ventilación mecánica non invasiva. CIPAB; BIPAP.

Coidados de enfermaría no paciente sometido a ventilación mecánica. Aspiración de secrecións. Toma de mostras para o cultivo de secrecións. Coidados da boca do paciente intubado. Simulación con manequíns. Desteta. Complicacións da intubación. Intervención e coidados de enfermaría ao paciente con soporte ventilatorio no domicilio.



Fisioterapia respiratoria	
Nº de edicións: 3 Nº de prazos: 25 Nº de horas: 8 Destinatarios: médicos, fisioterapeutas, enfermeiras/os e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría que traballen en relación co tratamento dos doentes con patoloxía respiratoria. Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño. Requisitos: Plan AFCAP. Criterios de selección: Plan AFCAP consultar bases da convocatoria (páxina 9).	Obxectivos: Adquirir coñecementos e desenvolver as habilidades necesarias para a correcta aplicación das técnicas de fisioterapia respiratoria. Contidos: Introdución e historia. Que é a fisioterapia respiratoria e a quen beneficia? Circunstancias ambientais que xustifican a posta en marcha dunha fisioterapia respiratoria precoz: aumento das infeccións. Factores de risco. Definir o problema. Principios xerais e obxectivos da FR. Controversias a propósito dunha fisioterapia convencional. Principais técnicas de FR: VD e limpeza broncopulmonar. TEF (técnica de espiración forzada). ELTGOT (expiración lenta total con glote aberta). TD (tose dirixida). Drenaxe autóxena. A espirometría incentivada. Fisioterapia respiratoria no neno e no adulto. A prevención na patoloxía respiratoria: educación no paciente respiratorio crónico. Calidade de vida na insuficiencia respiratoria crónica.
Código 101070 Hospital Comarcal de Monforte 22 e 23 de marzo de 2010 16:30 – 20:30 101071 Hospital da Costa 12 e 13 de abril de 2010 16:30 – 20:30 101072 C. H. U. de Vigo 25 e 26 de maio de 2010 16:30 – 20:30	
Lugar de celebración Datas Horario	

Coidados de enfermaría ao paciente oncolóxico

Nº de edicións: 4
Nº de prazas: 25
Nº de horas: 20

Destinatarios: enfermeiras/os e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención especializada que desenvolvan o seu labor cos pacientes oncolóxicos.

Prazo de inscrición: cursos do 1º semestre: do 5 de febreiro ata o 20 de febreiro. Cursos do 2º semestre: do 5 de xuño ata o 20 de xuño.

Requisitos: Plan AFCAP.

Criterios de selección: Plan AFCAP
consultar bases da convocatoria (páxina 9).

Obxectivos:

Actualizar coñecementos sobre o manexo do paciente oncolóxico. Aprender habilidades para dar unha atención integral ao paciente oncolóxico e aos seus familiares.

Contidos:

Tratamento integral do paciente oncolóxico.
